

A FUNDACIÓN EROSKI RECIBE O PREMIO CIDADÁN EN RECOÑECEMENTO AO SEU COMPROMISO SOCIAL

- **Dende hai 18 anos a Fundación EROSKI desenvolve accións que achegan valor e coñecemento sobre estilos de vida saudables e solidarios**

Madrid, 28 de abril do 2015.- A [Fundación EROSKI](#) foi galardoada na XVI Edición dos [Premios Ciudadáns](#) na categoría de Saúde e Calidade de Vida. O premio recoñece o compromiso da Fundación EROSKI coa investigación, desenvolvemento e innovación en relación co consumerismo, a alimentación, os hábitos de vida saudables, a solidariedade e a promoción asistencial. Os galardóns foron outorgados pola entidade sen ánimo de lucro Asociación Premios Ciudadáns para poñer en valor as persoas e institucións que durante o 2014 se comprometeron co seu esforzo e dedicación en proxectos de apoio e solidariedade coa cidadanía a nivel nacional e internacional.

Alejandro Martínez Berriochoa, director da Fundación EROSKI, recolleu onte o premio nun acto celebrado en Madrid. "*Este galardón anímanos a continuar desenvolvendo o noso traballo a prol dun consumo responsable, dunha alimentación equilibrada, de hábitos de vida baseados no lecer activo e para facer efectivo o noso compromiso solidario coas persoas máis desfavorecidas*", sinala Martínez Berriochoa.

Dende hai 18 anos a Fundación EROSKI representa o compromiso de EROSKI coa sociedade en forma de accións que acheguen valor e coñecemento sobre estilos de vida saudables e solidarios. "*A nosa función non só provén da cultura corporativa de EROSKI, da súa vocación de implicación social, senón que se plasma tamén nos seus estatutos como cooperativa de consumo*", indica o director da Fundación EROSKI.

A Fundación promove a información ao consumidor a través de [EROSKI CONSUMER](#), que desenvolve o seu labor co compromiso de lles ofrecer aos consumidores contidos non publicitarios, veraces, completos, amenos e útiles. Conta con dúas grandes publicacións: a revista ([revista.consumer.es](#)), con máis de 20 anos de existencia, e a web (<http://www.consumer.es/>), nada no ano 1998. Os contidos publicados na revista impresa, na web e mais noutros soportes como as guías ([guias.consumer.es](#)) conforman un medio de comunicación de referencia no eido do consumo.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ÉDURNE IZQUIERDO
ZIORTZA BERISTAIN

Tel: 944 158 642

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es

No 2013 EROSKI e mais a Fundación EROSKI crearon a [Escola de Alimentación EROSKI](#), un punto de encontro para profesionais da saúde, profesores, pais, escolares e cidadáns interesados en melloraren a súa alimentación e estilo de vida. A Escola ofrece información actual de calidade froito do coñecemento científico e das investigacións que desenvolve. Entre estas investigacións cómpre salientar o '[Estudo sobre Hábitos Alimentarios e Estado Nutricional da Poboación Española](#)'. Trátase do estudo máis completo realizado en España ata a data co obxectivo de coñecer os hábitos alimentarios e o estado nutricional da poboación española. O estudo analiza os datos dunha mostra representativa de 6.800 persoas distribuídas por cada unha das Comunidades Autónomas.

A Escola conta tamén cun [Programa Educativo en Alimentación e Hábitos Saludables](#), dirixido a escolares de Educación Primaria. O programa complementase cunha Aula de Familia, que estende o proxecto de educación saudable ás familias.

A Fundación desenvolve tamén un importante labor de colaboración con diversas organizacións sociais, mediante a sinatura de convenios que impulsan e reforzan a misión destas organizacións a prol dos colectivos máis desfavorecidos da sociedade.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

EDURNE IZQUIERDO
ZIORTZA BERISTAIN

Tel: 944 158 642

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es